PROGRAMACIÓN LATÍN 4 DE ESO

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

En cuarto da ESO a asignatura de Latín figura como optativa nos itinerarios de orientación humanística o lingüística en concurrencia coa materia de Economía. Neste curso están matriculados dez alumnos.

A asignatura enténdese como un contacto xeral coa lingua e a cultura latina, xa que non todos os que a cursen en 4º o seguirán facendo en Bacharelato. Este feito obriga a establecer un dobre obxectivo por parte do departamento con respecto á programación: por un lado pretenderase aportar en xeral a todos os alumnos uns coñecementos básicos sobre a lingua latina e a cultura romana e, por outro lado, conferir á asignatura un carácter propedéutico especialmente para aqueloutros alumnos que non desexen continuar co estudo do latín.

Tamén atopámonos co feito de que pode haber alumnos que cursaran a materia de Cultura Clásica en 3º de ESO o a estén cursando en 4º, mentres que para outros alumnos quizá sexa este o seu primer e único contacto coa Antigüedade Clásica.

## APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR

A materia de latín de cuarto de ESO non precisa ter adquiridos coñecementos chave, xa que os estándares son novos e poden ser adquiridos polos alumnos sin problemas neste curso.

## OBXECTIVOS XERAIS PARA O CURSO

Podemos establecer os seguintes obxectivos:

- Localizar no mapa as linguas de España clasificándoas e identificando a súa orixe.
- Traducir étimos latinos transparentes.
- Analizar os distintos formantes das palabras.
- Afondar no significado dos latinismos máis usados.
- Coñecer e utilizar distintos sistemas de escritura e alfabetos.

- Expresarse correctamente en latín respectando as normas básicas de pronunciación.
- Clasificar os tipos de palabras.
- Facer uso da declinación.
- Conxugar verbos correctamente.
- Traducir textos sinxelos.
- Analizar as funcións das palabras na oración.
- Afondar no coñecemento dos casos latinos.
- Discriminar entre oracións simples e compostas clasificándoas correctamente.
- Analizar as construcións de infinitivo e participio concertado.
- Realizar eixes cronolóxicos para coñecer os períodos de Roma.
- Coñecer os feitos históricos, a organización política e social, a composición familiar e roles dos seus membros e os deuses, mitos e heroes latinos de Roma.
- Afondar no análise morfolóxico e sintáctico.
- Realizar comentarios de textos clásicos fomentando a súa comprensión.
- Analizar o léxico latino transparente e recoñecer os elementos latinos que permanecen na nosa lingua.

## CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE E RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Na área de latín contribuirase a desenvolver as seguintes competencias clave.

**Competencia en comunicación lingüística. Expresión escrita (CL-EE).**

- **LAB4.2.2.** Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases onde practica o seu uso.

- **LAB4.3.1.** Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina e redacta en lingua latina pequenas frases onde practica o seu uso.
- **LAB6.1.1.** Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa traducción ou retroversión.
- **LAB6.5.1.** Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un texto proposto.
- **LAB7.4.1.** Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado cando se expresa na súa propia lingua.

**Competencia en comunicación lingüística. Expresión oral (CL-EO).**

- **LAB2.3.1.** Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.
- **LAB6.6.1.** Manten un sinxelo diálogo en latín sobre un tema previamente acordado.
- **LAB7.4.1.** Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado cando se expresa na súa propia lingua.

**Competencia en comunicación lingüística. Compresión escrita (CL-CE)**

- **LAB6.1.1.** Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa traducción ou retroversión.
- **LAB6.2.1.** Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estuturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.
- **LAB6.4.2.** Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.
- **LAB.7.1.1**. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.
- **LAB7.1.2.** Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.

**Competencia en comunicación lingüística. Comprensión oral (CL-CO)**

- **LAB6.2.1**. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global relacionando estuturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.

- **LAB6.4.2.** Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.
- **LAB.7.1.1**. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.
- **LAB7.1.2.** Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.

**<u>Competencia aprender a aprender (AA)</u>**

- **LAB6.1.1.** Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa traducción ou retroversión.
- **LAB6.3.1**. Utiliza correctamente os manuais de referencia e o diccionario, analizando a información que proporcionan para traducir textos sinxelos.
- **LAB6.4.1**. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.
- **LAB7.1.2.** Identifica e explica as palabras transparentes de maior frecuencia.
- **LAB7.3.1.** identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado

**<u>Competencia social e cidadá. Traballo en grupo (CSC-TG)</u>**

- **LAB5.1.1.** Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.
- **LAB5.1.2**. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período correspondente.
- **LAB5.1.3.** Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.
- **LAB5.1.4.** Describe algún dos principais fitos históricos da civilización latina e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.
- **LAB5.2.2.** Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas en comparación cos actuais.
- **LAB5.4.1.** Identifica os principais deuses, semideuses e héroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relación entre os deuses mais importantes.

- **LAB5.5.1.** Recoñece e ilustra con exemplos a pervivencia do mito e da figura do héroe na nosa cultura e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos tratamentos.
- **LAB5.6.1.** Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrástaos cos da actualidade.
- **LAB5.7.1.** Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.

Para avaliar a consecución das competencias vinculadas co perfil competencial da materia de latín o Departamento deseñará ao longo do curso distintas rúbricas relacionadas cun estándar o cun grupo de estándares.

## TEMPORALIZACIÓN. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALITATIVO. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS.

### BLOQUE 1: O latín, orixe das linguas románicas.

| *OBXECTIVOS* | *ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE* | *GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALIFICATIVO* | *TEMPORALIZACIÓN* | | | *PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *1ª AV* | *2ª AV* | *3ª AV* | |
| F Ñ O | ▪ **LAB1.1.**1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica. | Sinala sobre un mapa a cidade de Roma e as distintas zonas do imperio.<br>20% | *X* | | | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| E<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB.1.2.1**. Define o indoeuropeo e recoñece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión. | Recoñece a orixe ide do latín.<br>20% | X | | | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. |
| L<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB.1.3.1**. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | Recoñece as linguas europeas ide e non ide.<br>10% | X | | | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| L<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB1.4.1**. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan. | Coñece as linguas faladas en España e distingue as romances das que non o son.<br>20% | X | | | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| F<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB.1.5.1**. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe. | Distingue palabras patrimoniais e cultismos<br>20%. | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| B<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB.1.6.1**. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución. | É capaz de aplicar reglas de evolución sinxelas na evolución do latín ao castelán.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |

## Bloque 2: Sistema da lingua latina: elementos basicos.

| ***OBXECTIVOS*** | ***ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.*** | ***GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALIFICATIVO*** | ***TEMPORALIZACIÓN*** | | | ***PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *1ª AV* | *2ª AV* | *3ª AV* | |
| E | ▪ **LAB2.1.1**. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función. | Diferencia tipos de escritura.<br>40% | X | | | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| E | ▪ **LAB2.2.1**. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en | Recoñece a diferencia entre o | X | | | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan. | alfabeto latino e outros tipos de alfabeto usados en Europa. 40% | | | | alumno/a. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| H | ▪ **LAB2.3.1.** Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronunciación correcta. | Pronuncia correctamente os fonemas latinos. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |

## Bloque 3: Morfoloxía

| ***OBXECTIVOS*** | ***ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE*** | ***GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALIFICATIVO*** | ***TEMPORALIZACIÓN*** | | | ***PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *1ª AV* | *2ª AV* | *3ª AV* | |
| B | ▪ **LAB3.1.1**. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma. | Distingue entre lexema e desinencia na flexión latina e sabe añadir á raíz as desinencias de caso. 0,20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| E | ▪ **LAB3.2.1**. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas. | Recoñece as palabras variables e as invariables. 0,20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| E<br>B | ▪ **LAB3.3.1**. Define o concepto de declinación e conxugación. | Distingue conxugación e declinación. 0,20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| E<br>B | ▪ **LAB3.4.1**. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación. | Diferencia substantivos, adxetivos e pronomes a partir dos enunciados.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| E<br>B | ▪ **LAB3.4.2.** Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. | Concierta pasablemente nomes e adxetivos das tres primeiras declinacións.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| B<br>E | ▪ **LAB3.5.1**. Identifica as conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado. | Distingue perfectamente a que conxugación pertence un verbo<br>0,20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. |
| B<br>E | ▪ **LAB3.5.2**. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conxugación. | Coñece as catro primeiras formas do enunciado verbal. 0,20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| B<br>E<br>H<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB3.6.1.** Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo. | Recoñece en activa os tempos correspondentes a cada tema verbal.<br>20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinentes na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| B<br>E<br>H<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB3.6.2**. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo. | Recoñece a voz activa da voz pasiva.<br>20% | | | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| B<br>E<br>H<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB3.6.3.** Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto. | Identifica o infinitivo de presente activo.<br>10% | | | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| B | ▪ **LAB3.6.4**. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas. | Traduce pasablemente á lingua de orixe os | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| E H Ñ O | | tempos da voz activa.<br>20% | | | | traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |

## Bloque 4: Sintaxe

| OBXECTIVOS | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALIFICATIVO | TEMPORALIZACIÓN | | | PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1ª AV | 2ª AV | 3ª AV | |
| F | ▪ **LAB4.1.1.** Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración. | Recoñece os casos das tres primeiras declinacións e as funcións básicas das palabras natraducción (Sux. CD, CI, CN,CC, Cag, Pvo) | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| H | ▪ **LAB4.2.1**. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración. | Coñece todos os casos da declinación latina e as funcións que desempeñan.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| H | ▪ **LAB4.2.2**. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | Sabe traducir as funcións básicas dos casos latinos.<br>20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| E | ▪ **LAB4.3.1**. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso. | Entende a concordancia e as súas regras. 20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| B | ▪ **LAB4.4.1**. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características. | Recoñece as oracións simples. 10% | | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| E | ▪ **LAB4.5.1.** Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferénciaas das oracións simples. | Recoñece as oracións compostas. 10% | | | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| H | ▪ **LAB4.6.1**. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analízaas e tradúceas correctamente. | Recoñece os infinitivos e sabe traducir as construccións de infinitivo concertado. 10% | | | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |

## Bloque 5: Roma, historia, cultura e civilización.

| *OBXECTIVOS* | *ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE* | *GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALIFICATIVO* | *TEMPORALIZACIÓN* | | | *PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *1ª AV* | *2ª AV* | *3ª AV* | |
| A F E Ñ | ▪ **LAB5.1.1**. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras. | Coñece distintas etapas da historia de Roma e as ordea cronolóxicamente. 0,5% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| A F E Ñ | ▪ **LAB5.1.2**. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente. | Relaciona episodios famosos da historia de Roma coa súa época (Monarquía, República ou | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Imperio).<br>0,5% | | | | non presenciais. |
| A<br>F<br>E<br>Ñ | ▪ **LAB5.1.3**. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información. | Pode ordenar no tempo feitos históricos salientables.<br>0,5% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| A<br>F<br>E<br>Ñ | ▪ **LAB5.1.4**. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias. | Entende o contexto dos feitos históricos salientables.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| A<br>Ñ | ▪ **LAB5.2.1**. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano. | Diferencia as tres formas de goberno en Roma.<br>0,5% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| A<br>Ñ | ▪ **LAB5.2.2**. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cosactuais. | Distingue a diferencia entre os cidadáns e os que non o son e entre patricios e plebeios.<br>10% | | | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| C<br>Ñ | ▪ **LAB5.3.1**. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais. | Comprende o concepto de familia romana e identifica o seus membros.<br>10% | | | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotaciónde datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da producción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soportedixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| L<br>N | ▪ **LAB5.4.1**. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes. | Recoñece os atributos e ámbito de poder dos deuses do Olimpo.<br>Coñece os principais heroes.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| N<br>Ñ | ▪ **LAB5.5.1**. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos. | Coñece algún referente actual relacionado cos deuses e heroes.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| M | ▪ **LAB5.6.1**. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e | Recoñece os tipos de vivenda | | | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | coidado persoal e contrástaos cos da actualidade. | romanos e a vestimenta s mais coñecidas.<br>20% | | | | alumno/a.<br>Análise da produción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital. |
| D<br>E<br>Ñ | ▪ **LAB5.7.1**. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes. | Coñece as características dos espectáculos públicos e sabe onde teñen lugar.<br>10% | | | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da produción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |

## Bloque 6: Textos.

| ***OBXECTIVOS*** | ***ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE*** | ***GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALIFICATIVO*** | ***TEMPORALIZACIÓN*** | | | ***PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *1ª AV* | *2ª AV* | *3ª AV* | |
| H | ▪ **LAB6.1.1.** Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión. | Traduce frases sinxelas partindo da análise morfolóxica e sintáctica.<br>30% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación. Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| D<br>O | ▪ **LAB6.2.1**. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece. | Recoñece a pervivencia de estructuras latinas na lengua de orixe.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da produción do alumnado: traballos de aplicación.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| H | ▪ **LAB6.3.1.** Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos. | Utiliza correctamente os apuntamentos para realizar traduccións sinxelas.<br>20% | | | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. |
| L<br>F | ▪ **LAB6.4.1**. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias. | É capaz de recoñecer o contexto das frases traducidas.<br>20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L<br>F | ▪ **LAB6.4.2**. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. | Recoñece o tema principal dun texto.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. |
| B | ▪ **LAB6.5.1**. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto. | Sabe fórmulas de saudo en latín.<br>0,5% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a. |
| G | ▪ **LAB6.6.1**. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado. | Manten un diálogo en latín para saudar e presentarse na aula.<br>0,5% | | | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Intercambios orais co alumnado: diálogo. |

## Bloque 7: Léxico.

| ***OBXECTIVOS*** | ***ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE*** | ***GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN E PESO CUALIFICATIVO*** | ***TEMPORALIZACIÓN*** | | | ***PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN*** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | *1ª AV* | *2ª AV* | *3ª AV* | |
| H<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB7.1.1**. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia. | Recoñece o significado evidente de palabras latinas a partir da súa lingua de orixe.<br>20% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación<br>de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| H<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB7.1.2.** Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia. | Coñece o vocabulario básico utilizado na aula.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| B<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB7.2.1**. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua. | Recoñece os sufixos e prefixos latinos máis presentes na lingua de orixe.<br>10% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| L<br>Ñ<br>O | ▪ **LAB7.3.1**. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado. | Pode deducir o significado de palabras na lingua de orixe a partir do vocabulario latino que coñece. | *X* | *X* | *X* | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |
| E<br>B | ▪ **LAB7.4.1.** Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual esabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua. | Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual<br>50% | X | X | X | Observación sistemática por parte da profesora coa anotación de datos pertinente na ficha do alumno/a.<br>Análise da producción do alumnado: traballos individuais o colectivos en soporte dixital.<br>Probas específicas: exámenes presenciais ou non presenciais. |

## CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Os contidos da materia de latín son de diferente natureza, algúns deles pódense temporalizar nun momento determinado, mentres que outros, o labor de tradución, por exemplo, están presentes prácticamente en cada unha das sesións durante todo o curso. Haberá que ter en conta esta característica especial da materia, o propio desenvolvemento da clase e as preferencias e o interese amosado polos alumnos polos distintos contidos da materia.

Os principios pedagóxicos que se estiman para o desenvolvemento dos procesos de ensinanza guardan relación cos propios desta etapa educativa da educación básica e cos derivados da adquisición de competencias. Deste modo, teranse en conta as seguintes consideracións, coa perspectiva das características de etapa.

- Facilitar o acceso de todo o alumnado á educación común, coas medidas necesarias de atención a diversidade.
- Atender ós diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.
- Favorecer a capacidade de aprender por sí mesmos e promover o traballo en equipo.
- Procurar a adquisición e o desenvolvemento das competencias básicas, adecuando o seu logro progresivo ás características do alumnado, do curso e da materia.

- Predisponer e reforzar o hábito de lectura con textos seleccionados para tal fin.
- Desenvolver a comprensión lectora e a expresión oral e escrita.
- Incidir, asimesmo, na comunicación audiovisual e no uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Desprazar os procesos de ensinanza referidos á transmisión de informacións e coñecementos polos de adquisición de capacidades e competencias. Neste senso primar o coñecemento aplicado, o saber práctico frente á aprendizaxe memorística. Utilizar as ideas e coñecementos previos dos alumnos como soporte para novos esquemas mentais que reformulen o desenvolvan os disponibles.
- Estimular a búsqueda, selección, análise crítico, tratamiento, presentación e aplicación dos coñocementos; de tal xeito que a función docente se vincule a "tutorizar" a aprendizaxe, estimular e acompañar.
- Aproximar a natureza do coñocemento á situacións cotiás e á problemas prácticos, ós contextos e entornos sociais para que a aprendizaxe resulte relevante.
- Facilitar situacións que requiran procesos de metacognición do alumnado e axuden a adquirir habilidades de autorregulación, tanto para aprender como para aprender a aprender.
- Recurrir á actividades didácticas en clave de "situacións-problema", nas que se requiren procesos cognitivos variados e a aplicación do que se sabe o do que se sabe facer á situacións que resultan cercanas, habituais e previsibles.
- Alternar e diversificar as actuacións e situacións de aprendizaxe dacordo coa motivación e intereses do alumnado.
- Utilizar a cooperación entre iguais como experiencia didáctica na que se pon en xogo o diálogo, o debate, a discrepancia, o respeto ás ideas dos outros, o consenso, as disposición spersoais.
- Acentuar a naturaleza formativa e orientadora da avaliación, asociada, de xeito continuo, ó desenvolvemento das prácticas e procesos de ensinanza e aprendizaxe; que poden ser revisados e axustados dacordo coas informacións e rexistros da avaliación formativa.

Neste curso temos que ter en conta a posibilidade dunha semipresencialidade que variará de forma considerable a relación entre alumnos e docente en canto a cotidianidade e a posibilidade de acción directa. Neste escenario teremos que ter en conta o acceso dos alumnos ás ferramentas dixitais e tratar de facilitar o mais posible a adquisición dos contidos.

## MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Xa que os alumnos no teñen obrigatoriedade de mercar libro de texto, a profesora explicará en clase os contidos de cada bloque para que o alumnado poda recoller os contidos principais no seu caderno de clase. Ademais entregaralles aos alumnos fotocopias e todo o material necesario para poder asimilar os contidos, tanto en soporte escrito como dixital.

A profesora tentará empregar todolos materiais posibles que teñan relación cos contidos da materia: libros, cómics, fragmentos de películas, videos na rede, documentais en CD-Rom etc. En canto a organización dos espazos, a materia de latín será impartida no departamento de latín. A maiores o alumnado poderá utilizar outras instalación do centro como a Biblioteca, a Sala de Informática ou o Salón de Actos .

## CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### Avaliación inicial

Nos primeiros días do curso escolar realizarase unha proba sinxela para avaliar o grao de coñecemento previo sobre os contidos da materia. Esta proba non será avaliada cuantitativamente e so servirá de información á profesora. Dita proba,de estrutura moi sinxela, contará con apartados relativos a coñecementos básicos relativos a morfoloxía, sintaxe, léxico e mitolóxico, con algúns aspectos comúns a todas as linguas.

Os resultados serán altamente reveladores para desvelar que ámbitos formativos hai que priorizar e permitirá coñecer e valorar o punto de partida de cada alumno para actuar en consecuencia. É absolutamente imprescindible a pronta localización das lagoas para asentar con contundencia as primeiras bases sobre as que asentaranse todos os coñecementos posteriores. Contará tamén cun sinxelo apartado relativo á cultura xeral do mundo latino que sigue viva nos nosos días.

Antes da sesión de avaliación inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información sobre o grao de integración social do alumno.

En función dos resultados obtidos aplicaranse as medidas de atención á diversidade.

**<u>Avaliación ordinaria</u>**

A ponderación responderá aos seguintes criterios:

Avaliación da adquisición dos EA: **100%**

- Dous exames por cada avaliación: **80%.**
- Observación sistemática das actividades realizadas a diario na aula ou na casa, sexan orais ou escritas, individuais ou en grupo (**20%**). A profesora anotará no seu caderno, nas fichas individuais dos alumnos, todos os datos que posibiliten avaliar ese traballo persoal: control da realización das tarefas (sen copialas de outros), participación na corrección de actividades, chamadas de clase.

A nota global da materia na avaliación final será a nota aritmética das tres avaliacións. A cualificación mínima para aprobar a materia será un 4,50. Estimarase a nota hacia a unidade seguinte cando o decimal sexa 6 ou superior.

Faranse exames de recuperación da 1ª e 2ª avaliación. Se aínda así houbera algún alumno en risco de non superar a materia, faríase durante o tercer trimestre un especial seguimento deses alumnos mediante actividades ou un examen de recuperación antes da avaliación final.

O feito de utilizar calquera sistema fraudulento nun exame, e inclúese a exhibición dun aparato de telefonía móbil ou similar, suporá a avaliación como suspenso nese exame, sen posibilidade de repetir dito exame.

Cando un alumno falte a un exame sen falta xustificada será a profesora a que decida a nova data de exame, que non será nunca o mesmo que fixeron o resto de compañeiros.

## ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Non hai alumnado pendiente desta materia.

## ESTÁNDARES MÍNIMOS DE APRENDIZAXE PARA APROBAR A MATERIA

**Bloque** 1: 1.4.1; 1.5.1; 1.6.1.

**Bloque** 2: 2.3.1

**Bloque** 3: 3.2.1; 3.3.1; 3.4.1; 3.4.2; 3.5.1; 3.5.2; 3.6.1; 3.6.4.

**Bloque** 4: 4.1.1; 4.2.1; 4.2.2; 4.3.1.

**Bloque** 5: 5.1.1; 5.1.2; 5.2.1; 5.2.2; 5.3.1; 5.4.1; 5.5.1; 5.6.1; 5.7.1.

**Bloque** 6: 6.1.1; 6.2.1.

**Bloque** 7: 7.1.1; 7.1.2; 7.2.1; 7.3.1; 7.4.1.

## INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

### Proceso de Ensino

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |

5. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.

6. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

7. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.

## Práctica docente

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 5. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 6. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 8. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 9. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 10. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 13. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |
| 14. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |

15. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación…

## MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Se se dera o caso de algún alumno con necesidades educativas especiais, pedirase a colaboración do Departamento de Orientación.

**Necesidades individuais**

A avaliación inicial facilítanos non só o coñecemento do grupo como conxunto, sino que tamén nos proporciona a información de diversos aspectos individuais do noso alumnado; a partires de ahí poderemos:

- Identificar aos alumnos que necesitan un maior seguimento ou persoalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).

- No caso dos alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe (DEA) ou con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) se aplicarán os criterios establecidos nas Instrucións conxuntas da Dirección Xeneral de Educación Secundaria, e Ensinanzas de Réxime Especial sobre a aplicación de medidas para a avaliación dos alumnos con dificultades específicas de aprendizaxe ou trastorno por déficit de Atención e Hiperactividade de decembro de 2014.

- Adaptación de tempos: o tempo de cada exame se poderá incrementar hasta un máximo de un 35% sobre o tempo previsto.

- Adaptación do modelo de exame.

Para coñecer a composición da clase a docente contará cos informes dos anos anteriores e fará una avaliación inicial o comezo do curso escolar.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos: identificar ós alumnos ou alumnas que necesitan un maior seguimento no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc..

En consecuencia:

- Formularanse exercicios de diferente nivel en cada unidade.
- Tanto nos exámenes como no traballo de aula faranse preguntas e actividades mais fáciles e menos fáciles.
- Teranse en conta a diversidade nos agrupamentos de clase emparellando alumnos que presenten carencias con aqueles cun bo nivel de comprensión.
- Atenderanse na mesma aula ao alumnado que non da o nivel, facendo pequenos grupos e aplicando un ritmo diferente.
- Ofreceranse explicacións individuais tantas veces como fose necesario.
- Fortaleceranse os aspectos positivos do alumno tratando de mellorar a súa autoestima.

Ao tratarse dun grupo reducido a atención será practicamente individualizada. Cada alumno reforzará e traballará, con procedementos específicos, os contidos que lle resulten de maior dificultade. Do mesmo xeito, os alumnos que non presenten problemas de aprendizaxe e queran profundizar con máis detalle nos contidos da materia poderán facelo e a profesora lles facilitará material. A profesora poderá contemplar cambios na secuenciación e na temporalización das distintas programacións para adaptarse á diversidade. Crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

Realizaranse adaptacións curriculares para aqueles alumnos que se estime conveniente na sesión de Avaliación Inicial ou máis adiante por acordo co equipo docente e o Departamento de Orientación.